

15-12-26

Núm. 36

nós

CASTILLA



DIREITOR LITERARIO
Vicente Risco

BOLETIN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

DIREITOR ARTÍSTICO
Alfonso R. Castelao

DIRECIÓN E REDAUCIÓN
Sto. Domingo, 47 - OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:
Real, 36 1.^o - A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6 pesetas
Fora da Península	15 ..
Númigo solto na Península	1 ..
Na Arxentina	60 centavos
En Cuba	30 ..

OS PAGOS SON ADIANTADOS E OS GASTOS DE XIRO DE CONTA DOS SUSCRITORES

Este boletín non publica mais orixinás qu'os que foran directamente solicitados pola Dirección. Tampouco se fai solidario das ideias n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

SUMARIO

O Embargo, (traducción) por Alfredo García Ramos.

O mes de Santos nos pobos celtas, por Ramón Otero Pedrayo.

Unha poesía inédita e autógrafa do noso Bardo, por Ramón Martínez López.

Papeletas arqueolóxicas e folk-lóricas da bisbarra de Verín, por Florentino L. Cuevillas.

Colección de refrás de almanaque, por Uxío Carré Aldao.

Quod nihil scitur, tradución por Xan Aznar Ponte.

Archivo filolóxico e etnográfico de Galiza

LEA VOSTEDE A NOSA TERRA IDEARIUM DAS IRMANDADES

Administración Real, 36 — A Cruña



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano VII * Ourense 15 Nadal 1926 * Núm. 36

O E M B A R G O

Señor xués, non se quede fora,
pase mais adentro:
y-o *menistro* y-os testigos
non teñen escrupo,
que non lles dé medo.
Si antonte pasan do pendello
derréos na porta;
co machado longo
trónzoos eiquí mesmo.
Ela está no campo santo
e xa non importa
Embargai os probes farrapos
qu'eiquí non hai cartos;
gasteinos en xaropes pra ela
y-en meicíñas que no na curaron,
y-a misérea que topen,
porque non tiven mester de vendela,
xa m'está sobrando
xa m'está fedendo.
Embargai o sacho de gallos
y-as fouces penduradas do espeto
y-a manceira do arado
e do carro o chedeiro.
¡Ferramenta, que non quede ningúal
¿Eu pra qu'as quero?

Si fora o xornal pra ela
icalquera mas leval
Mais, xa non quero vel-o sacho de gallos
nin-as fouces penduradas do espeto
nin-a mancira do arado
nin do carro o chedeiro.
Mais si s'astreven a poñel-as mans n-ise
[leito,
ond-ela morreu,
onde nos deitamos dempois do traballo,
onde tanto a quixen e tanto a coidei,
onde estivo de vivo o seu corpo
e tamén de morto...
Señor xués... que ningún s'estreva
a tocarlle a un liño do leito
porque o fendo eiquí,
diante d-usté mesmo.
Menos iso, léveno todo,
Porque isas sabáns teñen cheiro do seu
[corpo...
e lémbrañme e tílenme a ela
cada vés que as collo...

Versión de «O Embargo» de Gabriely Galán por

ALFREDO GARCIA RAMOS

O mes de Santos nos pobos celtas



Raza saudosa dos Fisterres atránticos adica un mesíño enteiro á lembranza dos difuntos. O tempo do murchar das follas, do erguerse xigante da voce do mar, tudo un mundo d'almas volve á terra tal como unha néboa pecha d'espiritos. Chámase *Anaon* ista molde-dume d'almas que cumplen na terra o seu Purgatorio, tan xuntas com as herbas nos campos, ou as pingas d'auga na tromentia. Algunhas individualizanse e fan un purgatorio na figura detremiñada d'un corvo, d'un gato ou can mouro, d'un porco...

A *Ankou*, a Morte, é a Señora d'ista vasta neboeira d'outro mundo, considerado polos bretós como o Primeiro servidor de El-Señor. As veces vese craramente e xurde en duas formas: ou ben com unha pálida silueta bretemosa que vai en grandes alancadas polas landas e pol-a mar, ou mais xeneralmente vai viaxando nun carriocoche feito de táboas de cedadeleito. Ten figura d'esquelete con grande chapeu, e ollos alomeados pol-o lume de cirios do inferno que van esculcando a dereita e a esquerda os que leñen que morrer. O 31 d'outono enténdese o temeroso coche por todolos caminos; ó entendelo, as xentes vanse ós osarios dos címliterios, onde fan vellos prentios e invocacións. Mais non hastra moi entrada a noite, pois dende certa hora, as caliveras falan entre elles e non convén escoitalas. A xente volta ás casas, fai ladeiras e recibe a unhas mulleres «padricadoras dos mortos», que fan gabanzas dos derradeiros difuntos das familias. Despois dunha noite de medo, chegan as ceremonias do 1 e o 2 de Santos. Hai que erguerse cedo pr'a misa, porque os difuntos inda na luzada da y-alba están asexando si os vivos cumplen co-a sua obriga. No 2 fanse pelengraxes. Tudo hó bretón deve ir a Santa Ana d'Auray, Loc-Rouan, ou Saint Jelvestre-ar-Pirhan. Como no San Andrés de Teixido, o que non vai de vivo, vai de morto.

si non manda un pelengrino en procuración. Mais poucos están dispostos a facelo por outros, por mor das ringleiras de difuntos que van ó tempo dos vivos. Nos dous días tense acceso un grande fogo pra purificación das almas, ó que os vivos non se deben chegar. Tudo o mes dos difuntos, as aparicións son costantes. Tudos voltan. Os asesinos forman xunâncias temerosas ó pé dos crucellos con grande medo dos cainitantes. As *Kanerez-noz* (lavandeiras da noite) rematan a colada dos sudarios. O *Pilour-lann* anda na tempestade e ven chamar co seu mallo nos piños de madeira das vellas casas. Ballan os enanos *Kornandonetz*, os trasnos, *Goulpiquets*, e os *Korriganos*. O *Buguel-noz* (rapaz da noite) ten unha grande cabeza e chora nas covas sombrizas. O *Hopper-noz* (chilador da noite) salaya, tolo, na lonxanía. Os gromos xogan nos menhires. As greas de follas murchas son o diñeiro do demó para atentar ós parvos. Na mar brillan supetamente campos de cirios i-en cada ola, ven un saleyo d'un afogado.

A xente pasa este mes – o *Miniz-Du* – chea de pavor acochada nas prácticas tradicionais. As mulleres apenas barren as casas por non tocar ós espíritos ou a virxe, que tamén anda procurando as casas das almas boas.

Na Irlanda, é festa dos Mortos, superpóñense simprememte á antiga de *Saintmhairn*, na que os mortos deixan a cova pra banquetejar coas fadas e beberen o *vito de esquecemento* en copas encantadas. As fadas son descendencia dos anxes maldecidos. O *Ankou* bretón é elqui o *Labraid*, rei dos guerreiros mortos. O vito está feito d'almas que cruzan. En todolos outuras locen os fogos purificadores. En Dublin, soilo voltan as almas da familia que vefien sentarse na mesa do té, e soilo son vistas polos que van morrer no ano. As almas dos condenados están en figura de pombas, melros, porcos e lebres brancas. As que son millores entre elles toman forma de volvoretas. Os bévedos adequieren figura de pipotes. Hasira nos espíños hai centos de almas.

No País de Gales, o mes do Santos é sombrizo e feroz: un ensaio de Xulio derradeir o. Acendense fogos pra guiar as almas e fanse lollas terribres en redor d'elles. Cada un debe bolar n-istes lumes un callau co-as suas iniciais. O que s'esquece debe fazer a mala pra ir *gone west*. Hai aparicións d'esqueletes; o defío vestido de frade celebra unha misa ó ríves nas eirexas arruinadas, chamando polos que deben morrer. Vense bestas temerosas, lumes fuxitivos e xurdén frores xigantes que firen como lostregos.

Na Escocia, o morto mais recente debe montar a guarda na porta do campo-santo hastre o ano que ven. Nos Highlands, os espeutros fan parodias d'enterros. O mais notable son os *xantares amargos*: cando morré un pecador, os parentes buscan un *comedor* pra pecados, que come un xantar cheo d'en-

cantacíos máxicos sobre o morto como tábua. Toma sal, auga e vin, prometendo cargarse co-as faltas do difunto. Si lle ten odio, pode convertir ás olas n-un fai de demas que persiguen ó probe morto hâstra a fin do mundo.

En Cornual, praktícase a interrogación dos *síños*. Nun vaso, bótanse tantas follas de hebra coma persoas se desexa saber-a sorte: pónse na lareira ás doce da noite de Difuntos e vaise mirar ós poucos días: as que se voltan negras din morte nos quince días; as roxas, morte tráxica. Si un mineiro ve unha meu d'esqueleto levando lus, sair da parede da casa, pódese preparar pra morrer.

Na illa de Man, bótase cinza arredor na chaminieira. Si á mañá hai rastros de pisadas car'a poria, é sinal que un da casa morre dinantes de Natal.

RAMÓN OTERO PEDRAYO

Unha poesía inédita e autógrafa do noso Bardo

COMUNICAZON FEITA Ó «SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS» POL-O SOCEO
RAMON MARTINEZ LOPEZ EN 23 DE OITUBRO

Antre as páxinas 66 e 67 d'un exemplar da novela de López Ferreiro «A tecedeira de Bonabal», edición da «Biblioteca Gallega» de Martínez Salazar exemplar que leva na primeira páxina a signatura da Biblioteca de don Eduardo Pondal, temos atopado n-un anaco de papel de 14 por 10 como poesía que sigue:

*Coma soan, como soan
Os pinos co vendaval;
Soade, pinos, soade,
que doce vos escuitar
Mas ay! do
Do ledo tempo pasado
Ou pinos non me falés;
Se hé que matarme, ou pinos
De suidades non querés.*

Hasta agora non sabemos que esté publicada nin coñecida por ninguén.

A data da poesía pódese dexergar aprosimadamente pol-a filigrana do papel que é do

1896, ano siguiente ó da novela en que foi atopada.

Ensina-lo o autógrafo a persoas que coñecen ben a letra de Pondal (por certo moi revesgada); todos coincidiron á primeira ollada en que pertencia ao Bardo anque era algo mais pequena que da por él empregada de costío.

Reproducimol-a poesía tal e como está escrita, coa característica grafía (q'hz) e coa dúbida do quinto verso.

Nas follas en que foi atopada desenroláse a belida escea en que Gonzalo despídese da sua noiva Catalina.

Non pudo inspirarse ó facelos versos, Pondal na leitura d'ista escea?

Sexa o que sexa o feito indudábel é que isto é unha das muitas obras de Pondal que para vergosía de Galicia hâchanse esquecidas e tratadas co mais noxento dos abandonoos.

Papeletas arqueolóxicas e folk-lóricas da bisbarra de Verín

Por D. Mauro Núñez, de Vilardevós, home forte das serras raianas.

AS MÁMOAS DA SERRA DE PENAS LIBRES NO CONCELLO DE VILARDEVÓS



STÉNDENSE os lombos ispidos de ista serra, cuio esqueleto de gneis e de seixo afrora chan moitas vegadas, n-unha direición xeral do L. o W. e case paralelamente á raia portuguesa pol-a banda dos concellos trasmontanos de Chaves e Vinhaes.

É sabido que un dos centros dolménicos mais importantes de Portugal, atópase na provincia de Tras-os-Montes e que de il fénix ocupado Ricardo Severo e o P. Bréha (1) Enrique Botelho (2), o P. Rodrigues (3), e Leite de Vasconcellos (4), que esproraron numerosas necrópoles, constituidas por antas, algunas de grandor considerable, mais de cote de formas sinxeles, con soio cámara poligonal e por vegadas c'un comenzo de corredor: culos espolios, prescindindo dos estragos achádegos de Alvão desbotados ó noso sentir inxustamente dos inventarios prehistóricos (5), forneceron machados de pedra ordinaria, e non sempre ben polidos, pontas de saxeta e de lanza, golvas, eixadas, furadores, polidoras, facas e anacos cerámicos lisos e de feito ordinario, material datado en parte no neolítico final e en parte no neolítico, no que deben cra-

sificarse sen dúvida algunhas goivas ben polidas e sóbor de todo a fermosa folla de lanza ou puñal fabricada con pedra calcedonia, que foi asoellada por Leite de Vasconcellos en Carraceda de Alvão, e cuia feitura e retoques son de unha admirabel finura e regularidade.

Sinalan istas antas trasmontanas a existencia de unha cultura antiga, onde perduran formas arcaicas e que se desenvolve de por si sen que n-ela escóen os ídolos-placas, os cilindros de calcáreo, os ídolos de óso, a cerámica campaniforme e os demais elementos que tan fortemente caracterizan a civilización dos dólmenes de formas desenroladas do sul do Douro.

O conxunto da devandita cultura trasmontana, presenta muitos paralelismos coa dos dólmenes galegos, embora fallen n-ista os ouxelos típicos do neolítico final e acuse en troques un intruxo serodio da cerámica campaniforme chegada seguramente a Galiza pol-o val do Sil, aseguir n-outro lugar deixarnos esposto.

Era pol-o tanto ben interesante pra nós, o determinar a estensión e cardales dos núcoreos de mámoas da serra de Penas Libres e tratar de establecer os seus paralelos arquitectónicos e de axuar coas suas vecinas de Portugal, procurando de iste xeito un dos vivers por onde a civilización megalítica penetrou na nosa terra.

Disgrazadamente o estado de ruïna e acaba-

(1) *Necrópoles dólmenicas de Tras-os-Montes, Portugal*, I, I fac., 4, páxs. 667 a 750.

(2) *Dólmenes no concello de Villa-Real*. Arch. Port., vol. II, páxina 298; vol. IV, páx. 189.

Antas no concello de Alvão. Arch. Port., vol. II, páx. 29; vol. IV, páx., 189.

Antas no concello de Vila Pouca de Aguiar. Arch. Port., vol. II, páx. 83; vol. IV, páxs. 49 e 167.

Dólmenes no concello de Murça. Arch. Port., vol. X, páx. 388.

(3) Arch. Port., vol. I, páxs. 36 e 328.

(4) *Cultas velhas*. Arch. Port., vol. XXIII, páx. 366 e *Religiosas da Lusitania*, vol. I páx., 234 e 328.

(5) Os Achádegos de Alvão presentados na Revista n.º 9.

Severo (art. cit.) foron dadas como non autentes por S. Reinach (cf. *Archaeologische*, I, II, 1905, páxs. 399-401) sendo defendidos por J. Dukinfield Astley (*Archaeological Discoveries in Portugal. Portuguese parallels to the Clwyd discoveries*, Journal of the B. Arch. Assoc.) e por Ricardo Severo (*Quizzons d'Autenticidade, Portugal*, I, II, fasc., II, páx., 115).

Dois sinais alfabetiformes de Alvão ocupouse von Lichtenberg (*Der altar der arischen Buschinschrift, ihre Entwicklung und ihre formen Einflüsse, Manuskript, Zeitschrift für Vergeschichte*, IV, 1912) e tamén Bosch Gimpera (*El problema de la propagación de la escritura en Europa y los signos alfabetiformes de los dólmenes de Alvão*. R. de Arch. Biblioteca n.º 599-600, Mayo-Junio, 1913, n.º 31).

mento en que atopámos as sepulturas rexistradas e a falla ausoluta de mobilario non consituen nin iníciar xiquera aquil traballo, ficando cinguida a nosa laboura a determinar a área xeográfica de unha bisbarra ricaz en entas e a mostrar certa curiosa particularidade de algúha de elles, na egerda de que novas esprorazós rendan mais froito.



FIG. 1

As mamoas da serra de Penas Libres, atopápanse todas elas nas planuras que coroan o conxunto montesio e postas de cote en col de outeiros dominiñes, a semellanza do que ocorre en moitas estazós (Laboreiro, Monte de San Cibrao, Pavia) (1). Comenzan na mesma raia en Cidadela, e seguendo W.oL. por Soutochao, Lamas de Eite, Salto do Cabalo, Pedra dos Lobos, Castelo de Vilardevós, Portela da Fraira, Foxo, Serre de Feilas e Pedra Boleira ata bater en Fontefría.

Compre sinclar en primeiro lugar as denominanzas ben sinalizadoras de algúas de istos lugares, especialmente os de Cidadela e Castelo, que de ser como parez indicalo o seu nome. recintos castrexos, virian engadear un novo dato en col da veciñanza, lantos vegadas ouverteada dos castros e das mamoas.

A necrópole por nós esprorada, áchase situada no Salto do Cabalo, entr'o hectómetro 8 do kilómetro 17 e o hectómetro 2 do kilómetro

21 da estrada de Verín a Braganza, e constaba inda fal pouco tempo de nove sepulturas, das cuas foron derrubadas cañón ó abrirse a estrada devandita, duas por caer dentro do trazado de esplanazón e as outras duas por precurar n'elas o confratista pedra pra o firme.

O mesmo istas cañón que as cinco que esproramos, liveron ania e algúas dos xornaleiros que nos axudaron e tamén un dos nosos acompañantes, lembrábanse de telas ollado e inda de ter tirado de varias os derradeiros esteios.

Como é natural istos fortes remeximentos da morea tumular, rebaixaron considerablemente a sua outura e abriron na parte central grandes buratos, circunstancia que impide o calcular nin aproxiadamente a fondura a que a cámara dolménica se acochaba, embora polos datos que recollimos dos beizos dos espoliadores parece ser que os esteios pouco mais tiñan que un metro e que se espalan solo uns centímetros no chan natural, estando sostidos principalmente pola terra da mamoia.

A situación e características das sepulturas esproradas por nós son as seguintes.

Mamoas n. 1.

Erguese á direita e á veira mesma da estrada, 250 metros denantes de chegar ó indicador do kilómetro 20.

Ten de diámetro 18 metros e 2 de outura. I-está formada por terra e algunas pedras




FIG. 2

grandelras, procedentes cicais do labrado dos esteios (1). Fondamente atuado atopámos, a mais de carbós de madeira de carballo, un anaco de vocal, ó parecer de un pote, mouro por

(1) Vergilio Correia. *El Neolítico de Pavia*, Memoria n. 27 de la C. de Investigaciones Paleontológicas y prehistóricas. Madrid, 1931.

(2) Véx. o noso artigo. *As Mamoas do Concello de Ralriz*. Biblioteca de la A. Gallega, anno 1935, pág., 235.

fora e cinzento por dentro e traballado á roda, vestixio sen dúbida de unha esprorazón anterior.

Mámoa n. 2.

Situada na veira esquerda da estrada, xunita o hectómetro 2 do kilómetro 20.



FIG. 3

Ten 9 metros de diámetro e un de altura e achábase formada case escrusivamente por terra.

Mámoa n. 3.

A esquerda e a carón do devandito indicado do kilómetro 20. Atopábase tan aplinada que non-sos foi posible determinar o seu diámetro.

Mámoa n. 4.

A 150 metros pra direita do hectómetro 2 do kilómetro 18. Mide o seu diámetro 22 metros e 2 de altura, embora o grande burato que presentaba na parte central. Contiña moitas pedras e carbós de carbillo e de torgos de uz.

Mámoa n. 5.

Erguita nun dos cumes mais altos da serra, arredado 200 metros da estrada e a carón do hectómetro 8 do kilómetro 17.

Ten 18 metros de diámetro por un e meio de altura e presentábase menos remexida que as suas compañeiras.

Apareceu formada por terra misturada coa pedras grandeiras e carbós.

O metro e meio de fondura atopouse unha laxa posta verticalmente, ben aplinada pol-as duas caras, que media 80 por 60 centímetros e á veira apareceu un burato feito co instrumento de pedra na peneda esquistosa, de char natural de forma irregularmente troncocónica, de 70 a 40 centímetros de anchura e de 68 de fondura, que a laxa cobriu sen dúbida devantante de sere maquiada do seu senso (fig. 1).

Convén adverlir, que o burato devandito áchase por baixo mesmo do centro da mámoa e que ista tivo en tempos un dólmen, que por certo axudou a derrubar, ainda non fai 20 anos, unha das persoas que nos acompañaban.

O conxunto de ista sepallura tal e coma nós a atopamos e como se olla na figura 2, é ben imitante á de certos túmulos bretones da primeira idade do Bronce, coma son por ei tempo os de Kergoniu e de Kerstrobel e mais ainda a algúns *round barrows* ingreses con focha escavada baixo o túmulo como o de Bamborough, Northumberland (1), mais a circunstancia de haber tido a nosa mámoa cámara megalítica, fai imposibres istos paralelos e obriganos a procurarl asemellanzas dentro da cultura dos dólmenes.

En Portugal na anta-capela de San Dionis e Pavia e nas de Palmella, Folha das Barradas e Marcella (2) apareceron dentro das cámaras caixas, constituídas por varias laxes postas de cotelo, e que serviron pra practicar enterramentos. O mesmo tempo en Matarrubilla, Cueva del Romeral, Marcella, Arrife, New Grange, Dowth e Slieve-Na-Calligha (3), atopáronse lousas, pías ou cuncas de pedra de cote de un grandor considerabre que asegún Obermaier servian pra recoller o axuar funerario dos mortos depositados no mausoleo.

Responden seguramente as caixas a un desejo de individualizar os enterramientos dentro do dólmen e as lousas, pías e cuncas, avencé-



FIG. 4

lláense con ritos d os oclidos do culto dos mortos. Con cada de istos dous estilos debemos relazar o burato aberto por baixo da nosa

(1) British Museum. A Guide to the antiquities of the Bronze Age. 1920, pág. 62.

(2) Vergilio Corral, O., cit.

(3) H. Obermaier. El Dolmen del Matarrubilla. Memoria número 26 de la C. de Investigaciones Paleontológicas y Prehistóricas. Madrid, 1919.

mámoas? O díclmen que o continha, i-en xeral as costruzós galegas similás, pol-a sua sinxela pequenez e ata pol-a sua farta abastanza, arredan a suposición de que foran sepulturas coleitivas de un clan ou de unha tribu, parecendo millor mausoleos individuais ou de familia no xeito mais restrinxido da verba. Ista cir-



FIG. 5

cunstanza xuniada á de aparecer unha soia focha, afasta a hipótesis de unha individualización da sepultura que resultaría incesaria nun momento probablemente distilado a recibir os restos sangleiros de unha persoa.

Por outra parte i-embora fallen de cote nas antas galegas documentos osteolóxicos, cousa que se espráca doadamente pol-a abundosa pluviosidade do noso chan e pol-a natureza silícea do terreo, é indudabre que as inhumazós andan nas culturas dolménicas mais basias que as incinerazós e abonda ollar as medidas denantes espresadas do burato pra comprender que é por demais crivo pra acochar o corpo de unha persoa algo medrada.

Coidamos en seguranz que a devandita focha debiu servir pra gardar o mobiliario fúnebre, mobiliario que será sincrónico ó do eneolítico final das terras do sul e do centro da península, xa que o mesmo as caixas, que as lousas, cuncas e pías, áchase en moimentos de ista fase, vindose a determñar axiña con certa verosimilitude a idade da mámoa que nos ocupa.

O FOLK-LORE DO SALTO DO CABALO

En lugar tan abondoso en mámoas, non podían fallar de ningún xeito, as tradizós relativas a tesouros. É seguro que estas deben ser moitas e variadas, mais nós non poidemos recoller outra cousa que unha canticla que non deixá de ter algún intrés e que trascrebemos tal e como nos foi dita:

•Pastores que gardais gando
Na serra de Penas Libres
Apedrexais con bolas de ouro
Coidando que son pedriñas..

Nas créncias populares galegas e miñotas, e inda se mal non-os lembramos no soado, *Libro de San Cipriano*, os tesouros dos tempos da mourindade dividense en duas crás. Os sen encanto e outros encantados. Os primeiros presentanse ós ollos de quen os atopa na sua forma e materia natural, os segundos collen ó ser descubertos a aparenza de algo sen valor, pedras ou carbós xeneralmente, e non voltan ó seu propio ser senón despois de feitas as crimonias e desconxuros que se precisen.

Os haberes da serra de Penas Libres son sen dúvida de istos derradeiros, e a elo fai crara alusión a canticla, podéntese citar coma casos similás o do castro de San Facundo de Cea (Carballiño), onde unha vegada asoellouse moi ouro metido n-unha pía e que tan axiña quixerón botarlle a mau, trocouse en carbón (1) e outra lenda idéntica recollida por Martins Sarmiento no concello de Guimaraes (2).

Existe tamén unha lenda ó parecer ben diferente, localizada no Salto do Cabalo, mais que pode ter certa relación cos tesouros achados das mámoas.

Había ali, ata que ó costruir a estrada de Verín a Braganza a desfixeron pra firme, unha peneda que presentaba fondamente gravuradas



FIG. 6

Escala, 100 metros

FIG. 6
as siñas das ferraduraz de un cabalo. O motivo de istas siñas era o seguinte:

•Un rapaz de Lamas de Eite andaba dende pequeno coa avenza por aquiles siños. Dándo-

(1) Esta lenda échase consinada na papelería correspondente ó Castro de San Facundo de Cea, no catálogo de castros que andan a formar o Seminario d'Estudos Galegos de Santiago.

(2) Martins Sarmiento. *Materiais para a arqueología do concelho de Guimaraes*. Rer. de Guimaraes, vol. XXI.

lle de beber leite das avellas, fixérase tan amigo de unha cobra, que soio con asubiarlle viña ó pé de fil coma un can».

Pasadolos anos, o rapaz foi servir a El-Rei e tocoulle ser de caballería. De unha vegada voliou á aldeia montado no seu cabalo, e chegando ó sitio onde levava outrora pacer a avenza, asubiu pola cobra, mais no canto de ela apareceu un monstruo grandísimo. O cabalo asustado ó velo pegou un pincho con tanta forza que deixou a sinal das ferraduras na peneda, tirando co soldado que no mesmo instante foi comido polo monstruo.*

É posible que iste relato estea sinxelizado pra esplicar soiamente a orixe das esmonaduras da peneda e que teñan desparecido de il cousas tan importantes como as razões de porqué no canto da cobra apareceu o monstruo,



FIG. 7

cua forma por certo se non aerara, e que era o que precuraba o soldado polos sitios por onde andivera coa avenza.

No noso folk-lore é corrente atopar cobras e outros animais temibles gardando tesouros, e correntemente tamén é no servicio do exército ou en vías por terras lonxanas onde as xentes adequiren novas de haberes dos mouros encobillados perdo da sua aldeia, podéntase lembrar agora os dous casos de que nos ocupamos noutro lugar (1) referentes ás lendas do castro Morgadán e do Neixón, sendo pola tanto moi verosímil que o pegoreiro soupera no servicio do ouro das mamoas de Lamas de Este gardado por unha cobra, e que fiando na vella coneceenza que coa tiña, arriscárase a intentar apañalo, obligando por ello á gardadora a coller un corpo monstruoso e a cumplir a tarefa

(1) Véx. art. *O Neixón*, B. A. Gallega número de Agosto de 1926.

que lle estaba confiada pola forza do encantamento.

Outra particularidade dina de se ter en conta niste relato é o aparecer nél coma principal personaxe unha cobra. Foi D. Celso García de la Riega, quen ó tratar de localizar na Galicia a *Ophioussa da Ora Marítima* de Avieno (1), combatindo por certo o parecer de D. Xoaquín Costa, forneceu, embora con pouco método, mór número de datos en col do papel preponderante das serpes nas crónicas populares galegas. A hipótesis de Bosch Gimpera, esposta hai poucos anos no seu *Ensayo de una reconstrucción de la Etnología Prehistórica de la Península Ibérica* (2) acerca da interpretación da verba *Saeves* (Serpientes) da devandita *Ora Marítima*, coma tradución grega da denominanza céltiga de unha tribo galega que tomara pra si o nome do seu animal sagrado ou emblemático, ai particularmente interesante o lembrar agora, ordenandos unha miga os datos de G. de la Riega, ós que engadiremos outros recollidos por Sarmento (3), Castillo (4), Amor Meilán (5) e por nós mesmos.

As serpes aparecen na arqueloxía, nas lendas, na literatura e na meicía popular galega dos xeitos seguintes:

A) Coma ouxeto probabre ou seguro de culto. Pedra cunha serpe gravurada. - Ponte Ceso, A Cruña.

Pedra da serpe. Rianxo.

Cova da serpe. Grixalva, A Cruña.

No códice *Escurialense* e na *Lenda Floriana* dícese que os discípulos do apóstolo Santiago, derrubaron no monte Ilcino un ídolo en forma de serpe.

B) Coma gardadoras de tesouros ou de persoas.

No Pico Sagro, Compostela, unha cobra garda un gran tesouro.

O tesouro da Ribeira Sagrada está gardado por unha cobra que persigue ó crego que a rouba.

No Outeiro de Rubiós, Celanova, e ca onda desfazón da cidade de Cachiquimbra polos romanos, aparez unha grande cobra que os sitiadores coldan que é unha trebe chegando ata se sentar nela.

(1) *Galicia Antigua*.

(2) Páxina, 79.

(3) *Materiales para a arqueología do concelho de Quiñares. R. de Quiñares*.

(4) *Los Castros Callagos*, 1908.

(5) *Historia de la Provincia de Lugo*.

No Outeiro de Vimieiros, Cartelle, saen moitas cobras cando alguén se quer acercar a unha rapaza belida que se pon n-un penedo na mañá do San Xohan.

En moitas aldeas hai a tradición de que os tesouros gardados pol-as cobras solo se poden conquerir coa axuda de un corvo.

C) Como espíritos dos mortos.

A xente cando vai de romaxe nalgúns sitios se atopa unha cobra, soia a escorrenlar mais sen matala, por coidar q ue é á alma de un morto.

D) Como persoas vivas que toman a forma de serpes por un feitizo.

Doncelas ou princesas encantadas no castro de Samoedo, A Cruña, na cidadela de San Cibrán das Lás, e no concello de Guimaraes.

E) Como nemigas do home.

Tradición de que as cobras chaman ós nenos e ós mozos pra comer ós primeiros e gozar ós segundos.

Romance antigo que fala de trés doncelas captivadas por unha serpe e celibadas por un cabaleiro.

Lenda de Alceo de Verial, da casa de Saavedra, que mata unha grande cobra.

Crenza estesa e moi enforgada de que as serpes zugan o leite das tetas das vacas e do peito das mulleres, meténdolle ó rapaciño o rabo na boca pra que non chore.

En Oimbra, Verín, dín que as cobras meténdelle pol-a boca ós homes, cando adormecen no campo, mais que os lagartos cando vai pasar tal cousa, espérianos baténdolles co rabo na cara. Ás mulleres non lle fan iste favor.

F) Na Meiciña popular.

A camisa da cobra é boa contra o mal de ollo.

O unto úsase en fregas contra o reuma.

O caldo de carne decobra, dín que fai sudar moi e que é moi bóo pras doenzas reumáticas.

Istas duas derradeiras inficazós gozan de grande creto i-empréganse non solo no campo senón nas cidades.

Claro está que estas lendas, tradizós e crenzas, leñen de seguro moi distintos orixes que os especialistas nistes estudos esculcarán algún día, mais non pode negarse que algunhas de elas son ben significativas de un culto antigo e que en xeral o motivo da serpe debeu estar moi presente na formazón da mitoloxía popular galega onde tan teimosamente se repele.

A CITANIA DAS LAXES DÁS CHÁS, NO CONCELLO DE OIMBRA.

As Laxes é un monte con trés cumes e de xeito alongado que se ergue posto do N. pro S. en termos da freguesía das Chás, moi por riba do val de Verín e no comienzo das terras de pan.

Aviscanse dende ilas searas da meia montaña dos concellos de Oimbra e Monterrey e pol-o cabo que mira ó N. óllanse no fondo, estesas e chairas as viñas farturantes e chás de engado da ribeira do Támega.

Está formado o monte por irlas penedias de grá, moi traballadas pol-a erosión, que baixan en pendón dondo pol-a banda do nacente e moi pinas pol-a do ponente, ficando abertas entre os tres curtos duas pequenas valgadas (fig. 3).

Os restos arqueolóxicos dexérganse solo nos cumes do centro e do norte e consisten en vestixios de muralla, alicerces de casas, tegulas, muiños de mao, n-un tanque abierto na pedra i-en dous sartegos un de iles ainda coa sua tampa.

A muralla, que media dous metros de ancho, emprencipia na veira do sul e seguía pol-o L. (fig. 4), rente á semiplanura que coroa o cumo central e baixaba despois pol-a pequena valgada ata bater no outeiro do norte. Esta feita con cachote pequeno posto en seco do tipo corrente nas construções castrexas, embora millor labrado que de ordinario e aía en ocasións e un inizamento de escuadria.

O resto do perímetro da citania, ben defendido pol-o pendón e fregosidade das abas (fig. 5), non presenta outros restos de murallas que algúns pequenos lenzos que serven pra xuntar as fregas unha miña afastadas, comprendendo asína o traballo defensivo da natureza.

O outeiro do norte, moi pino por total-as augas, non ten restos de muralla, mais presenta en froques duas aplanaduras, unha no cumo e outra de xeito semianular un pouco máis baixo. Na primeira óllase abierto n-unha pedra un escavón coadrado de un metro por banda e de 88 centímetros de fondura, cuberto por dentro por unha capa de cal cuidadosamente aplicada ás paredes. Coidam os que tal escavación debeu servir pra reservatorio de augas, a semellanza de outras obras imitantes ato-

padas nos castros e das que xa n-ouiro lugar nos temos ocupado (1).

É seguro que a muralla debía estérse pol-a banda do poñente, pechando o burato que deixa a valgada aberta entre os dous cumes, mais non poidemos ollar por ningures outros vestixios de ela, que algunas moreas de cachote e inda istas afastadas unha migia pra atrás da direición que coidamos debía seguir o muro (vex. fig. 6).

Os alicerces das casas, de pranta circular ou coadraida, localizanse escrusivamente na semi-planura que coroa o cume central, indicando a posizón de algúns, que as penedas que ali aforan, foran aproveitadas pra pechar por unha beira determinada costruzós. As pedras de muíño aparecen pol-o xeral misturadas co cachote solto e as fágulas atópanse de abondo en toda a área edificada.

O emprazamento e disposición do recinto fortificado, o xeito costrutivo das murallas as prantas circolás de algunhas casas, os muíños de mau e as fágulas, caracterizan de abondo o hábitat que nos ocupa pra que, sen medo a nos trabucar, poidamos clasificalo entre as cíterias coi elementos romanos, embora non sexa doado determinar nin a época nin o atinguilamento de ista romanización, cinguindonos a indicar tan solo que a bisbarra de Verín non parece das que menos e más serodiamente recibiron na Galiza o influxo dos conquistadores latinos, coma o proban a lápida da ponte de Chaves, erixida en tempos de Vespasiano e na que figuram os Bibalos, pobo ó que pertenecía, ou pol-o menos aveciñaba coa nosa cíteria, a vía secundaria que cruzaba o val de Verín (2) e as relativamente numerosas lápidas ali atopadas (touro con inscrizón de Abedes, as duas estelas de Flor de Rei e outro epigrafe inédito de Castrelo (3)).

Mais non foron soio galegos pagans os que habitaron no monte das Laxes. Os sarlegos de que denanies falamos, amostran craramente que despois de abandoada a cíteria polos seus primitivos moradores, viviron nela homes que profesaban a fe de Cristo e que ali buscáron un lugar senlleiro de oración e de penitencia.

(1) Véx. *A cíteria do monte a Cidade en San Cibrán das Laxes*. B. A. Gallega, número de Setembro de 1926.

(2) A ista vía pertencen dous milírios inéditos que existen perso de Verín, 1-en col de elas prepara un traballo o culto arqueólogo Sr. Fernández Costa.

(3) Poi descuberto iste epigrafe pol-o Sr. Fernández Costa.

Áchense situadas aquelas sepulturas na veira do abrente da plainura que remata o cume central e non lonxe da muralla. Son duas, afastadas entre si 10 metros, e aparecen labradas na grá do monte e presentando xeito antropoide, tendo a primeira indicación da testa e dos hombreiros (fig. 7) e a segunda (fig. 8) a forma de un sinxelo cadaleito. Preto da primeira ollajamos meio atuada no chan a tampa que cubría a cobría, labrada en tellado de duas augas que se creba en triángulo na parte da cabecela.

O sabio arqueólogo cruñés, Anxel del Castillo, ocupouse nun eruditó traballo (1) de ista crás de sarlegos, amostrando con moiles e asinas razóns que o seu uso, iniciado nos comenzaos do cristianismo, prolongouse en toda a Idade Media. Insiste pró caso, Castillo, no feito de aparecer de cote as sepulturas antropoides dentro ou pol-o menos á beira de antigas erixas ou capelas i-espresa a sua presenza nalgúns castros pol-a necesidade de cristianizar as divinidades indíxenas niles localizadas, que obligou a erguer ermidas en moitos curutos castrexos das coales coidaban e tiñan lino monxes e penitentes que pol-a sua mau labraban nas penedas os seus sarlegos.

Nas Laxes das Chás, non hai lembranza nin vestixios seguros de capela, mais é moi posible que as moreas de cachotes, que se topan á beira dos sarlegos, e que son igoaes ás que andan esparexidas pol-o resto da cíteria, representen a utilización de antigos materiais das casas pra costruir unha pequena ermita oce por compreto derrubada, vindo ainda outras duas circunstancias a arrostrar a hipótesis da esistencia da devandita ermita.

É a primeira o estaren os sarlegos ourentados coa cabeceira no W., posizón inversa á dos antigos santuarios que tiñan o presbiterio no abrente, o que según Castillo ousérvase de cote en total-as sepulturas abertas na penedas dentro ou á beira de erixas ou capelas.

Refírese a segunda circunstancia a un costume tradizional que durou deixa o ano derradeiro e que consistía no seguinte:

Desviada dous kilómetros das Laxes, hai no cume de un outeiro unha ermita dedicada a Santa Ana. Cando comece pregar ó ceo pra que chova ou deixe de chover, báixase en procesión

(1) *Sepulturas antropoides*. B. de la A. Gallega, año, 1923, números, 148, 181 e 189.

a imaxe da santa, dende a capela a Oimbra, e pasados ús días vólvese de novo a rubila solememente ó seu santuario. Pois ben istas procesións en lugar de seguir o camiño mais curto e millor, iban dando un arrodeo de trés kilómetros que non endereitaba o seu vieiro ata pasar por baixo do monte das Laxes.

Sabido é que na nosa terra os santos son pouco afeizoados a trocar o lugar do seu culto, e sen grande esforzo poderíamos encher unha páxina con exemplos de imaxes que, despola de seren mudadas, volten ó seu primitivo asento, de calamidas causadas por mor de istas mudanzas inoportunas e ainda de foliós que se celebran en sitios alonxados das altuaes capelas onde o santo que os motiva recebe culto.

Semellantes feitos non poden interpretarse se non ó xeito de funzós espiatorias destiñadas a desenoxar ó santo por telo maquiado da sua sede antiga, i-espicanse de abondo se lembran-

mos a cristianización ben nida de moitas divindades castrexas e o caráter tópico que revesitan nos tempos pagans.

É polo tanto mais que pobrare que a volta que os devotos veciños de Oimbra daban coa sua santa, sinale non soio o primitivo emprazamento da sua capela se non tamén o vencello que a axunta co *genius loci* que protexía outrora ós habitadores do monte das Laxes, sendo comenente sinalar pró caso a esistencia, non lonxe dos sartegos, de duas ou tres pías de forma cadrada e feito, cuidadoso, escavadas na peneda c-un instrumento metálico, igoas ás atopadas en moitos lugares do N. de Portugal i-especialmente no soado das Panoas, que recibía culto ainda nos tempos romans, parecendo indicar iste dato que a ermida cristian foi erguida no mesmo sitio da cividade onde o deus Indixena tiña o seu culto.

FLORENTINO L. CUEVILLAS.

QUOD NIHIL SCITUR

(Proseguimento)

Non é isto somentes, senón que unha cousa pódese producir por outra contraria a calor polo frío, no cal frío macerado, en nós, nas fontes, na terra, no tempo do inverno; d'elqui o dito; *Ventres Hyeme et vere calidissime*. O frío dá calor; nos corpos queimados, nos etiopes, que son fríos interiormente, e nós tamén polo vnu. Non comprendo de que se poda levar isto. Logo, tampouco os demais? Non se precisa concrusión. Paréceo sen embargo.

Eu mesmo entendo o que dín; mais non por iso coñezo millor o esunto; o mesmo pensaba eu denantes, mais non me contentaba. S'eu houbera coñecido perfectamente alguma cousa nono negaría, senón que o diría barudamente; por mor da alegria; pois nada mais feliz me podería acontecer. Agora vivo de cote tristeiro e anguriado, desesperado de poder saber algúnsa cousa. Logo, ou son eu o mais ignorante de todos, ou comigo todolos demais. Coido verdadeira as duas cousas, mais sabería algo si os demais o soupesen; pois non é verosímile que soilo a mi fose contraria a natureza. Mais nada sei.

Nin ti. Hai pra nós outras moitas ocasiós de

iñorar, as coales sería longo e inútil de referir elqui cando ti podes velas en tratados especiales e eu mesmo as direi cando houver ocasión. Soilo engadirei elqui unha das principás. A variedade das cousas, a sua múltiple forma, figura, cantidade, aiciós, & tantos e tan diferentes usos, arrodean de tal xeito a mente, ou millor distráena, que non pode con seguranza manifestar ou sentir algo que non sexa estorbada e forzada a ceder do seu parecer; é asina, nunca esta queda. Asegúrase qu'o blancor ven da calor (abonda decir un exemplo en col das coores), argüie en contra a neve, o lazo, e os xermanos; si do frío, a cinza, o cal, o yeso e os ósos queimados, estánen contra.

En col da coor negra, pasan outras tantas dúbidas. Qué vas dicir das coores intermedias? Qué temperatura lles vas señalar? Os estremos parecen ter unha causa crara, como a neve o frío, a cinza o calor, por que se desprende dos sentidos. Qué dirás dos animás malizados? Com'a panteira, o can, o leopardo e outros semellantes? Que en col das herbas, do *dracunculo*, do cardo prateado e do *trifolio maculato*? Que das froles malizadas, *vettónica*

altiles e da violeta? Quê do turcicus phaseo-jus, que dirás das aves, do pavo real, do papageio? É que vas sinalar diferentes temperamentos no pavo real, nas froles manchadas, no leopardo e na mesma pruma e na mesma frol e no mesmo cabelo? mais istes son coores permanentes, que dirás do arco da vella, da pomba pintada, d'un vaso cheo de auga e d'outro valeiro, que espertos ó sol de diverso xeito e vêndoos dende diferente lugar, manifestan coores tan variados? Con razón quedarás celado, o mesmo que eu. Muito mais nas outras cousas que contei mais arriba. Nunca acabarás.

Canio mais esculcamos, mais dificultades se presentan, mais nos confundimos e mais difficilmente nos desenvolvemos. Onde hai molte dume, hai confusión. Pódescer pôr en comparanza a nosa filosofia, co laberinto de Minos, no que si un se mete non pode dar volta nin surtir do Ichó; s'imos pra diante, caemos no Minotauro, que nos quita a vida. Esta é a fin dos nosos estudos, o premio do traballo perdido, as vixilias continuas, os coidos, a inquietude, a soedade, a privanza de todolos proceces, vida semellante á morte, vivindo cos mortos, porfiando, falando e malinando co-iles, arredándonos dos vivos, renunciando, á precura dos intereses d'un, exercitando o espírito e destruindo o corpo. D'elqui as doenças, as doenças, ás veces á loucura, sempre á morte.

Non d'outro xeito o improbo traballo vence todalas cousas senon é por que quita a vida e adianta a morte, e que nos ceiba de todo, por iso o que morre venceo todo; si fose certo o que dí Horacio, pasaria o contrario. Pois dí: «en suma, o sabio soilo n-unha cousa é menos que Xúpiter é rico, libre, é honrado, fermoso e ainda Rei de Reis, e mais quê nada sano, a non ser que padeza da molesta pituita». Ve coma se viu obrigado a falar da pituita. N-outro lado di o contrario, e con mais verdade: Homero, ti mesmo, anque venias en compañía das Musas, si non trouxeras nada, irás pra fora. Homero e o mesmo Horacio di millor, mais adiante: «O Rei diñeiro dá muller con dote, e fé, e amigos, e llnaxe, e fermosura; e a gracia e a elocuencia adóman ó colmado de diñeiro».

Por certo é verdade o que di Ovidio: «o Senado estalle nechado ás probas; a riqueza dí

honores. D'elqui o grave Xués, o severo cabaleiro. O valor eslá no diñeiro e o diñeiro trai honra, o diñeiro amistades; o probe por todos lados xaz despreciado».

Nada val a cencia, e as togas deixanlle o sitio as armas, concédenlle palmas e gabanzas. Os literatos léñense en nada. Pra qué, logo, nos consumimos?

Non sei, asina o permiten os fados. «Deu Dios esta péssima ocupación ós fillos dos homes pra que s'ocuparan n-elos. Todalas couzas fixoas boas no seu tempo e entregou o mundo ás disputas dos homes, pra que o home non atopase a obra que Dios fixo dende o principio deic'a fin» (Eclesiatés, I).

Non semella de atal filosofía (pra volver ó mesmo asunto) á Hidra de Lerna a quen venceu Ercoles. A nosa non hai quen a venza. Cortada unha das suas cabezas, renacen sempre mais feroces. Falla un espírito de fogo, que coñecendo perfeitamente unha soila cousa, tire ás demás dificultades á ocasión de xurdiren.

Imos concuir, *Toda coñecencia ven dos sensos. Mais alá, todo é confusión, dúbida, perplexidade, adeviñanza; nada certo; o senso soilo vé as cousas exteriores; mais nonas coñece. Chamo senso ó ollo. O entendimento considera as cousas recibidas pol-o senso. S'iste foi engañado, aquil tamén; si nono foi, que se consigue? Non vé mais que as imaxes das cousas ás que deu entrada o ollo; estas son as que o entendimento considera, esamina, inquirindo o *quid*, o *quod talz*, o *car*. E namais. Non vé nado certo.*

Non é isto o que quer dicir a fábula? N-ela, a grulla convíndando á raposa a un xantar, oferceulle unha vasixa de boca estreita chea de menesira; determinándose a raposa a lomala, por que a via, resultouelle inútil o esforzo; esto levouna a se vengar da grulla, facéndolle unha bulra semellante á qu'ela sufriu.

Do mesmo xeito engañou Xúpiter ós paxaros con uvas pintadas; acometendo l-les co peteiro pra comelas, pegaron co-ll contra o quadro. Un engañou a outro c'un velo tan abelenciosamente deseñado, que parecia de certo; iste soberbio coma si xa houbra vencido, correu desexoso de vel-a pintura, pensando qu'estaba cuberto co velo, achegou a meu ó cadro pra descorrerlo, e atopou o quadro soñente.

(Continuarise)

COLEICIÓN DE REFRANS DE ALMANAQUE

(Proseguimento)

- 6 Tantos días de Xaneiro, tantos allos no alleiro, ou
 7 Tantos días ten Xaneiro, tantos o alleiro, ou
 8 En Xaneiro pon o alleiro (véxase o número 28).
 9 No mes de Xaneiro sete lobos do carneiro.
 10 O que queira comer morriña, coma carneiro en Xaneiro ou en Mayo galina (duprificado en Mayo, núm. 18).
 11 Cando as rans cantan en Xaneiro, sinel de fame no rueiro.
 12 En Xaneiro sete capelas e un sombreiro.
 13 Da froide Xaneiro ninguén encheu o celeiro.
 14 En Xaneiro a raya val carneiro (concordan co o número 19).
 15 A pescada en Xaneiro val carneiro.
 16 Luar de Xaneiro non len parceiro, mais lle ven o d'Agosto que lle da no rostro.
 17 Sol de Xaneiro sal tarde e ponse cedo (véxase o núm. 22 - Grupo Segundo).
 18 En Xaneiro un pouco ao sol, outro ao fumeiro.
 19 En Xaneiro berza vella, val carneiro (en somellanzas c'os números 14 e 15).
 20 En minguante de Xaneiro, corta madeiro.
 21 No Xaneiro sábele ao outeiro; se ves ferrexar, ponte á chorar e se ves verdear ponte á bellar, ou.
 22 No mes de Xaneiro, sábele ao outeiro; se ves ferrexar ponte á cantar e se ves verdear ponte á chorar, que como se ve é unha contradición do anterior.
 23 Poda en Xaneiro, vendima no sombreiro.
 24 Sol de Xaneiro, sempre tras do outeiro.
 25 Xaneiro mollado, se n'é bô para o pan, n'é malo para o gado.
 26 Agora que entró Xaneiro, podes meter obreiro (contraposición ao núm. 3).
 27 No Xeneiro busca a lebre c'o c. no bulleiro.
 28 Cantos días pasen de Xaneiro, tantos allos perde o alleiro (somella contradición c'os números 6, 7 e 8).
 29 En Xaneiro, fira o cepo de xunto ti e pon diante do compañoiro.
- 30 Eu son o pito do Cairo, que naceu no mes de Xaneiro; se o raposo me non come, hei de cantar no poleiro.
 31 O boi e o leitón en Xaneiro crían niñón.
- Febreiro:*
- 1 Augoa en Febreiro, fai o palleiro.
 2 Come máis un dia de sol en Febreiro que cantos cabalos ten o reino (este reino fai referencia ao antigo de Galicia).
 3 Neve febreiríña, pica a galina.
 4 San Matías anda c'o Antroido ás porfiás; ou a variante:
 5 O Antroido co as suas malas artes, botou á San Matías fora do Martes (véxase festas móribres).
 6 Pol-o San Matías tan longas son as noites como son os días (concordan cuase c'os números 5 e 6 de Nadal).
 7 Pol-o San Matías comenzañ as enxertías.
 8 Febreiríño frebas dá e se non as dá, as dará.
 9 En Febreiro mele obreiro (véxase en Xaneiro).
 10 A castaña e o besugo, en Febreiro non ten zugo (contraposto ao núm. 21).
 11 Cando non chove en Febreiro, nin bon prado, nin bon centeo.
 12 Pol-a Candelaria cásanse os paxariños e vaise a galinola.
 13 Cando a Candelaria chora, metá do inverno vai fora:
 e as suas variantes:
 14 Pol-a Candelaria metá do inverno vai fora; se chove ou vento inda entra.
 15 Cando a Candelaria chora medio inverno vai fora; cando ela rie, está por vir; mais cal chorar, cal rir, medio inverno está por vir.
 16 Cando a Candelaria chora, metá do inverno vai fora; que chore ou deixe de chorar, temos ainda que o pasar.
 17 Se a Candelaria vai mal, o inverno está no coral.
 18 Febreiríño curto c'os teus días vintaoito, se tiveras ou duraras mais catro, non paraba ou non quedaba can nin gato, e a variante:

- 19 Dixo no monte unha vella: «Valte Febreiro corto, c'os teus días vintaoito, que se tiveras mais catro non quedaba can nin gato». — Febreiro contestou moito: «Os teus becerriños oito, deixa que o meu irmán Marzo hache de os volver en cairo».
- 20 Se qués ter abellas, miraas pol-as Candeas, e se queres mal, pol-o San Miguel (e o núm. 7 do mes de Septembro).
- 21 A caslaña e o besugo en Febreiro están en zumo (é contraposto ao núm. 11).
- 22 Cando chove por Febreiro, todo o ano é temporeiro.
- 23 Dure a malaveciña, o que a neve febreiriña.

Marzo:

- 1 Se qués ler bon cabazo, sementa en Marzo.
- 2 Poda en Marzo, vendima no regazo (véxase o mes de Xaneiro).
- 3 Sol de Marzo queima ou mata a dama no seu pazo.
- 4 No Marzo, abrigo, noces e pan trigo.
- 5 Marzo ventoso e Abril chuvioso sacan á Mayo, frío e fermoso (véxase núm. 26 Abril - 19 - Mayo).
- 6 Cóbregas en Marzo, neves en Abril (véxase 5 - Abril).
- 7 Marzo, marzolas, trebas e rayolas.
- 8 En Marzo, iguarzo (véxase o núm. 16).
- 9 Chuvia en Marzo como a mexeira d'un galo ou rato.

e as variantes:

- 10 En Marzo nin rabo de galo mollado.
- 11 No mes de Marzo chova tanto como a mexeira d'un rato (somella o núm. 3 de San Xuan).
- 12 Entre Marzo e Abril, o cuco ao fin.
ou a variante:
- 13 Entre Marzo e Abril sal o cuco do cubil que co a neve non quer vir (véxase o mes de Abril).
- 14 Marzo, marzán, pol-a mañán, cariña de rosa e pol-a tarde ou noite, cara de cán.
- 15 Fiadeiro ¿qué fiache?; ¿pr'onde fuché?; ¿pr'onde andache que en Marzo non branqueache?
- 16 En Marzo, espigarzo (véxase o núm. 8).
- 17 Cando Marzo mayea, Mayo marzea (duuplicado no núm. 20 de Mayo).
- 18 Centeo alto ou baixo en Mayo espolendo.

que tarde ou temprán ha de quedar en Mayo o gran.

- 19 Di o boy sacame en Marzo e verás como pazo.
- 20 Marzo, espigas catro, Abril espigas mil.
- 21 A liñaza por San Marcos, nin nada nin no saco (concorda co núm. 14 do mes de Abril).
- 22 En Marzo, nazo; en Abril estou no cubil; en Mayo xa sayo; en San Xoán, xa fuxo ao can; en Santa Mariña xa pillo a galiña; e en Agosto, xa son bon raposo.
- 23 Nin froles en Marzo, nin muller sin vergoña.

Abril:

- 1 Se por San Xurxo chove de cen cereixas quedan nove.
- 2 En Abril, deixame dormir, que en Mayo de meu mes cayo (véxase o número 10 de Mayo).
- 3 Marzo amola e Abril esfola.
- 4 Solla de Abril, abre a man e deixaa ir.
- 5 Cobras en Marzo, neve en Abril (duuplicado 6 Marzo).
- 6 Cando o crego canta Aleluya, xa se come a carne crua (véxase o núm. 32).
- 7 No principio ou no fin, Abril é ruín.
- 8 Se non vichel-o cuco a mediados de Abril ou morrei o cuco ou ven ao fin.
- 9 Entre Marzo e Abril o cuco ven ao fin, ou
- 10 Entre Marzo e Abril co a neve o cuco non quer vir, ou
- 11 Entre Marzo e Abril se non ven o cuco quer vil-o fin (véxase o mes de Marzo e os números 30 e 37).
- 12 Pol-o Abril, augoas mil (véxase o núm. 20).
- 13 Abril augoas mil colades por un mandil.
- 14 O mainzo (ou o millo) por San Marcos, nin nascido nin nos sacos (somella ao número 21 do mes Marzo).
- 15 Cando Abril recacha, quizima a vella amaza.
- 16 Cando canta o cuco, fan pronto mollado, como enxoitado.
- 17 Abril frio, pan e viño.
- 18 Chuvia en Abril enche o carro e o carril (variante no número 21) (somella ao número 24) (véxase Mayo) Abril se por mal quer vir, as portas non deixa abrir, ou inda as portas non deixa abrir.
- 19 Abril frio e mollado, enche o celeiro e farta o gado.
- 20 En Abril augoas mil (variante do núm. 12).

- 21 A augoa de Abril, enche o carro e o carril (variante do núm. 18).
- 22 Abril e Mayo son a chave do ano.
- 23 Abril frio e fornos quentes, alegrias prós meus dentes.
- 24 Abril quente e mollado, carga o carro e enche o gado (concordancia c' o núm. 18).
- 25 As sandías nin sementadas en Abril, nin nadas en Mayo.
- 26 Marzo ventoso e Abril chuvioso sacan a Mayo frío e fermoso (duplicado 5 Marzo).
- 27 No Abril abre a porta ao gado e deixao ir.
- 28 No Abril cada pinga val por mil.
- 29 No Abril os esparragos para mim no Mayo para o meu amo: en Xunio para ningún.
- 30 No Abril sal o cuco do cubil, ou
- 31 No Abril estiou no cubil (o cuco) no Abril vivo e no Mayo revivo (véxase os números 9 - 10 e 11).
- 32 Despois de cantar eleluya, o que teña fame que a sacuda (véxase o núm. 6).
- 33 Os escachos pol-o Abril, non lles hay mais que pedir.

Mayo:

- 1 Se qués ter perixel todo ano, sementalo no Mayo.
- 2 Augoa en Mayo, pan todo ano (concordan c' os números 18 - 21 e 24 do Abril).
- 3 A augoa en Mayo, carga o carro.
- 4 Augoa creadora, cando Mayo chora, ou Se Mayo chora, augoa creadora.
- 5 A augoa de Mayo, non fai daño.
- 6 Mayo chuvioso, vrán celuroso.
- 7 Pra tí chova todo o ano e pra min Abril e Mayo.
- 8 O que en Mayo se molla, en Mayo se enxoita ou enxuga.
- 9 Dia tras dia, Mayo chega (véxase o número 24).
- 10 En Mayo de meu me cayo, xa c' o sono xa c' o traballo (véxase o núm. 2 de Abril).
- 11 En Mayo inda a vella queima o fallo (véxase o núm. 30).
- 12 En Mayo millo sementado, cal enxoito cal mollado.
- 13 En Mayo inda bzbe o boi no prado, ou inda o boi bebe no prado.
- 14 Enxamio pobre, no inverno nasce e no Mayo morre (duplicado núm. 6 - Grupo 2.º).
- 15 Mayo longo. San Xuan relongo.

- 16 Quen en Mayo non merenda aos mortos ou aos malos se encomenda.
 - 17 Porca no Mayo val más nos comenzos que no cabio.
 - 18 O que queira comer morriña coma Carneiro en Xaneiro e en Mayo galinha (duplicado en Xaneiro núm. 10).
 - 19 Marzo ventoso e Abril chuvioso sacan a Mayo frío e fermoso (duplicado 5 Marzo).
 - 20 Cando Marzo mayea, Mayo, marzea (véxase o núm. 17 de Marzo).
 - 21 Abril e Mayo son as chaves do ano.
 - 22 Chova por Abril e Mayo e non chova en todo o ano.
 - 23 Hasta o corenta de Mayo non te afroxes o sayo.
 - 24 Dia tras dia, Mayo á porta (véxase o número 9).
 - 25 Mayo pardo, San Xuan craro.
 - 26 Mayo, mayolo, mayo todo.
 - 27 Mayo me molla, Mayo me enxuya, Mayo me bota na sepultura.
 - 28 Mayo ortelán, mcita palla e pouco gran.
 - 29 Augoa en Mayo, mate a porca de un ano.
 - 30 En Mayo, inda a vella quenta o sayo (sommella ao núm. 11).
 - 31 En Mayo, xa sayo.
 - 32 Mayo trubajo e San Xuan craro, fan un ano temperado.
 - 33 O rocin no Mayo, vérase cabalo.
- San Xuan (Xunio):*
- 1 En San Xuan, fouce na man.
 - 2 O que aúna en San Xuan ou é tolo ou non ten pan.
 - 3 En San Xuan nin a mexeira de un can (véxase as concordancias dos números 9, 10 e 11 de Marzo).
 - 4 En San Xuan tanto queixo como pan, ou tanto viño como pan.
 - 5 En San Xuan xa a sardiña pinga ou molla o pan.
 - 6 Por San Xuan as nove con d'a dan.
 - 7 Se San Xuan chora, a silveira non da mora.
 - 8 Tras de Mayo, ven San Xuan
 - 9 Augoa de San Xuan, tolle o viño e non dá pan.
 - 10 O que queira comer palacas pol-o San Xuan bóteas cando o pan.
 - 11 De San Xuan a San Pedro, cinco días van

- no melo, ou poucos días van no meio.
 12 Ehi ven San Pedro co seu xerro.
 13 Hasta San Pedro o viño ten medo.
 14 O que n'Agosto ou Setembro non dá cebada, en San Xuan non fai xornada.
 15 Por San Pedro burro quedo.
 16 As coles de San Antoniño, manteñen ao amo e mais ao veciño (somella ao número 5 en Santos).
 17 En San Xuan, xa luxo ao can.
 18 O día de San Pedro, vai vel-o teu olivedo e se ves un gran, espera por un cento.

Santiago (Xullo).

- 1 Ehi ven Santiago, co seu canado.
 2 Entre San Xuan e Santiago, Deus nos libre de un nubrado (véxase o núm. 41 do grupo sexto).
 3 Ehi ven San Cristobo co seu cobo.
 4 En Mayo, Xunio e Xulio as cereixas son como puños.
 5 Ehi ven Sta. Mariña co a sua regazadiña.
 6 Pol-a Sta. Mariña, báixame a porretiña - dixo a cebola.
 7 Pol-a Sta. Mariña, deixa a sacha e colle a fouciña.
 8 Pol-a Sta. Mariña, sala a sardiña.
 9 O día de Santa Mariña, vai a viña, que como e toparás, vendimerás, ou
 10 Pol-a Sta. Mariña vai ás tuas viñas e cal as cates tal as vendimas.
 11 En Sta. Mariña, comer galina.
 12 En Xullo e Agosto estroupelear, que este é o tempo do lño mazar.

Nosa Señora (Agosto).

- 1 En Agosto as castañas arder e en Setembre beber.
 2 Agosto, frío no rostro.
 3 O rocio de Agosto da pol-o rostro.
 4 O cocho en Agosto, pon o entrecosto.
 5 Polvo en Abril, lama en Agosto.
 6 A chuvia no mes de Agosto, non é chuvia que é mel e mosto.
 7 Agosto pasou, quen mallou, mallou.
 8 Agosto e vendima, non son cada dia.
 9 En Agosto, viño mosto, e por contra
 10 En Agosto, nin viño, nin muller, nin mosto.
 11 En Agosto está a augoa tras do toxo.
 12 En Agosto sol noso, non te conozco.

NÓS

- 13 Ehi ven Nosa Señora co a sua ola; ehi ven San Lourenzo c'o seu caldeirón penzo.
 14 ¡Labada: aos tres días nadal! - dixolle o millo á llnaza. E contestou ela - Nugallón: un mes baixo o terrón e inda se vou non vou.

San Miguel ou Setembro (Septiembre).

- 1 En Agosto secan os montes e en Setembro as fontes.
 2 Á sombra do Agosto e ao sol de Setembro.
 3 San Mateu, vendimia ti, vendimarei eu.
 4 Val mais nubrado de Agosto que sol de Setembro.
 5 San Migueliño das uvas, tarde ves e pouco duras, ou
 6 San Migueliño das uvas maduras, molto me tardas e pouco me duras.
 7 Se qués ter abellas, míraas pol-as Condeas e se qués ter mel, pol-o San Miguel (é o núm. 20 de Febreiro).
 8 Ehi ven San Miguel c'o seu tonel.
 9 Día de Santa Cruz vai ver se a tua viña reluz.

Outono (Octubre).

- 1 Pol-o San Simón, apreita o bandón.
 2 A lúa de Octubre, á sete cubre.
 3 Pol-o San Lucas saben as uvas.
 4 Día de Sta. Inés, chuvia un día unha vez.

Santos ou San Martiño (Noviembre).

- 1 Antes de San Martiño, pan e viño, e despois de San Martiño, fame e frío.
 2 San Martiño sempre quer o seu graíño.
 3 A cada porco, ou cocho, lle chega o seu San Martiño.
 4 Día de San Martiño proba o leu viño (duplicado núm. 14 grupo 2.º).
 5 Horta de San Martiño, mantén á seu dono e á seu veciño (concorda c'o núm. 16 de San Xuan).
 6 Por San Martiño, nin fabas nin viño.
 7 * * * * e San Xudas, piñeiriñas das tuas uvas.
 8 Por San Martiño di o invermo alá vou eu.
 9 Despois de San Martiño, deixa a augoa e bebe viño (duplicado núm. 16 grupo 2.º).
 10 Por San Simón proba o viño e o porco por San Martiño, ou
 11 San Simón proba o viño e o porco San Martiño.

12 Por Santa Andrea, colle os bois e semea
(Véxase o núm. 15 de Nadal).

13 Por San Andrés tomo o porco pol-o pé
Véxase o núm. 12 de Nadal).

14 Bendito mes que entra con santos, média
con San Iuxio e romata con San Andrés.

Nadal (Diciembre).

1 Se Nadal nada, sinal de boa anada.

2 Castañas en Nadal saben ben e pártense
mal.

3 Chuvia por Sta. Lucía, tolle a sardiña.

4 Día de Santa Lucía, enchente de augoa ou
de sardiña.

5 Día de Santa Lucía tan grande é a noite
como día

6 Por Santa Lucía tan longa é a noite como
longo o día (somellan o núm. 6 de Febreiro).

7 Por Santa Lucía, medra a noite e mingua o
día, ou

8 Por Santa Lucía o salto d'unha pulga,
mingua o día.

9 Se non chega pra Santa Lucía, chega pra
outro día.

10 Cada cousa no seu tempo e os nabos en
Advento (duplicado núm. 14 do grupo 4.º).

11 Día de San Nicolás está a neve pao á pao
e se non no chao.

12 Santo Tomé, agarra o cocho pol-o pé
(véxase o número 13 de Santos).

13 Semementeira na semán de San Román nin
palla nin gran: na de Santa Banya, gran e
mais palla.

14 Se a noite de Navidade fai luar, labra ben
pra sementar; se a noite de Navidade fai
escuro, sementa no terreo duro.

15 Por Santa Erea, toma os bois e semea
(véxase o núm. 12 de Santos).

16 San Silvestre meigas fora.

GRUPO SEXTO

PREDICÍOS DO TEMPO

1 Se como primo, quinto, se como quinto
octavo, como comenzó acabo (refírese ao
tempo que fará no mes según o que faga os
días 1.º, 5.º e 8.º).

Somellante é estoutrío:

1 bis A lua non é como pinta, senón como
primeira e quinta e se como quinta, octava,
como comenzou acaba (compárese c' o nú-
mero 46).

2 Aire de Meira, caldeiro e goleira.

3 Aire solán, augoa na man (Véxase no nú-
mero 56).

4 • sudán, • • •

5 • de terra, augoas á xerros.

6 • de Lugo, augoa no punto.

7 Anduriñas á rentes da augoa, chuvia na
praya.

8 Arco rayante, ei boi para adiante; arco
ponente, colle o boi e vente.

9 Arreboles ao sol posto, mañán andarás
enxoito.

10 Augoa de fronda, n-ús sitios muita e
n-outros nada.

11 Augoa á matina, á tarde tormentina.

12 Bica a brélema os picachos, para encher
olas e cachos.

13 Brélema no monte, millor pol-a mañán
que pol-a noite.

14 Brúa Alba, tempo en calma.

15 Brúa Callobo, tempo revolto.

16 Brúa Gandario, penos ao río.

17 Carcacia, Norte cría, ou norte pía.

18 Cando a carballeira canta, gusta ben a
menta.

19 Cando a carballeira zoa, gusta ben a broa.

20 Cando as gaivotes bailan a muiñeira hay
que gardal-o millo da eira.

21 Cando chove e fai sol, alegre está o pastor.

22 Cando as pedras do Xalo chorán, ventan
a augoa, ou cando chorán as pedras do Xalo,
venian orballo.

23 Cando de Este chove, hasta as pedras move.

24 Cando hexa xiada, queima, e ramella.

25 Cando non fai vento, non fai mal tempo.

26 Cando o Pico Sagro pon capelo, rapazas
da Ulla cubrde o mantelo.

27 Cando o Pico Sagro, pon toroza, augoa
temos moila ou pouca.

28 Cantan viloricos na terra, chuvia sin falta
se espera.

29 Cavamento e barbechar, antes que empesco
a xiá.

30 Ceo empedrado, piso mollado (véxase o
número 33).

31 • encarnado, vendaval ao rabo.

32 • escamanto, ou chuvia ou vento.

33 • lastrado ou pedreado, ergo mollado
(somella o núm. 30).

34 Cerco na lúa, enxuga a lagua.

35 Corren as nubes pra Ourense, sol que nos
quençe.

- 36 Corrente ao Este sinal de mal tempo.
 37 Corren as nubes pra Lugo, augoa no puño.
 38 Corvos en bandada, ou sombra supresada.
 39 Curuxa tardega, augoa noitega.
 40 En minguante de Xaneiro, corta o madeiro.
 41 Entre San Xuan e Santiago, Deus nos libre,
 de un nubrado (dupricado do núm. 2 do mes
 de Santiago).
 42 ¿Lavanse os galos a cara? Logo ven, ou
 venian enchenta de augoa.
 43 Lúa deitada, mariñeiro á pé; lúa de pé,
 mariñeiro deitado.
 44 Lúanova co atreboade. Trinta días mollada.
 45 Neboeira, pesca rara.
 46 Non é o que a lúa pinta, senón o que
 Deus dita (véxase o núm. 1 bis).
 47 Norte escuro, vendaval seguro.
 48 Nubes na montaña, vellas á boralla; nu-
 bes na ribeira, vellas á raxeira.
 49 Neboeira na terra, treboada no mar, cu
 ben chover ou ben nevar.
 50 Nin por sol, nin por soleza, nunca deixar-
 i-a mantexa.
 51 O cuquín á cuchar, e a ruliña á rular, co-
 lle o fociño e vai sementiar.
 52 Cando a formiga traballa, viño na parra.
 53 Cando a gaivota anda a gravisela, mal
 para nos e fame para ela.
 54 Cando a mora madura, xa pinta a uva.
 55 Cando chove noite, moiito, sinal que ha
 de escampar, logo, logo...
 56 Vento solán, chuvia na man ou tres días
 en van (véxase o núm. 3).

ROMATE

Parécenos que abonda de refrans, inda que
 poideramos alongalos hasta o cansancio,
 pol-o rico d'esta ponla do *folk-lore* galego;
 mais creemos que non estarán fora de lugar
 eiquí, alguns outros que gardan relaciós co a
 agricultura e coas prácticas do campo, pero de
 todos xeitos fan só daremos como amostras
 unhos poucos: Alá van:

- 1 A albre ruín e torta, outra na horía.
- 2 A boi vello, non lle mudes o cortello.
- 3 Bens divididos, bens perdidos.
- 4 Besta parada, non fai xornada.
- 5 Cabra coxa, non percisa solta.
- 6 Cada albre da seu froito.
- 7 Caves ben ou caves mal, cava ben no
 cambal.

NÓS

- 8 Da albre ruín, ruín froito
 - 9 Dao Deus na eira, e tolleó María na ma-
 seira.
 - 10 En Deus espera, pro mentras arrenda.
 - 11 Eira ou cocinha, sempre a miña.
 - 12 Fachenda de montaña, medo na eira, fame
 na casa.
 - 13 Fei ben e traballa, e non dormirás na
 palla.
 - 14 Galina que cacaraxa, algo ventia ou ovo
 pon.
 - 15 Gando branco nin no pasto nin no banco.
 - 16 Hasta en de morrel-o arrieiro non se sabe
 de quen é a recua ou as bestas.
 - 17 Home ruadeiro, nin boa meda nin bon pa-
 lleiro
 - 18 Inda que visto de lán, non son carneiro.
 - 19 Labra ben á fondo se qués ter ou coller
 pan ebondo.
 - 20 Labrador chalán, nin colle viño nin pan.
 - 21 Maceiras na hora, rapaces á porta.
 - 22 Mainzo ralo dá cesto e carro: mainzo mes-
 ta nin carro nin cesto.
 - 23 No tempo da grade o dono a traguer.
 - 24 Non é labrador quen non mete a terra en
 labor.
 - 25 O arado rabudo, o labrador barbudo.
 - 26 O primeiro millo é dos paxaros.
 - 27 O boi que non era, na cortaduria para.
 - 28 ¿Parcerías? Co a muller: e ás veces hai
 que ver.
 - 29 Pra ruín feira, corda valeira.
 - 30 Quen durme, dírmelle a facenda.
 - 31 Quen non traballa non ten migalla.
 - 32 Sobre un ovo pon unha galina.
 - 33 Sol madrugueiro non é compañeiro.
 - 34 Troita cara, non é sán.
 - 35 Trás mala precura, ven mala ventura.
 - 36 Un gran non fai graneiro, pero axuda ao
 compañeiro.
 - 37 Vacoríño en celeiro, non quer compa-
 ñeiro.
 - 38 Xiada sobre lodo, neve hasta o xollo.
- E non van más, pois algo subido é xa o
 número de uns *catrocentos e pico de refrans*
 - mal contados - Eles dan proba abonda
 para que se vexa, tanto se pode inda colleitar
 nestas sentencias, expresións da sabiduría e
 esperiencia populares.

Archivo filolóxico e etnográfico de Galiza

O país dos mortos (engádega)

TOCANTES á nota que pubricamos no núm. 34 sobre da tése do mitógrafo asturiano señor Cabal en *El Infierno de la Asturias prerromana* (*Boletín del Centro de Estudios Asturianos*, año I núm. 4), o noso distinto amigo e colaborador D. Fermín Bouza Brey, competentísimo n'estes asuntos, mándanos a seguirle nota:

...teño notas de obres do s. XVII decindo que Galiza é, según os antigos, o lugar de residencia dos Campos Eliseos. Mais o curioso do caso é que no libro de Fr. Alonso de Villarino *Esclarecido solar de las religiosas recoletas de Nuestro Padre San Agustín...*, t. II, Madrid, 1691, falando do Convento de Vilagarcía, di: «Y si la corriente de gravísimos autores no asentara que los Campos Eliseos (en que juzgaron los antiguos quedaron las almas de los difuntos gloriosos, sin pasar al otro Mundo) fueron los de la Limia en Galicia: el que viera en Galicia lo que se ve desde Vista Alegre, con gran fundamento se moviera a juzgar que aquello era lo que los Antiguos tuvieron por Campos Eliseos» (páxs. 48 e 63). Poi ben: hoxe chámasele a esa parte do pé do Covendo, *Campos Eliseos*, nome que, denentes de coñecer este rarísimo libro que gardan as monxas, coldei que era un *cultismo* de algúm latini parlante a quem non convencia o de *Campo dos lixos*, con que se coñece unha leira onde iban as imundizadas.

É case seguro que o Sr. Bouza Brey estaba no certo na sua primeira opinión. O mesmo si houbo sustitución do nome de *Campo dos lixos* pol-o de *Campos Eliseos*, que si os dous coexisten, non deixá o segundo de ser un cultismo, cuya invención responde probablemente ó mesmo proceso psicolóxico que levou outro-

ra rexidores d'Ourense a mudalo os nomes enxebres das rues por ouiros collidos de calquera historia de España elemental, e hoxe mesmo a certos señores de Vigo a pedirem que á rúa das *Tres Portiñas* se lle poña outro nome, como «os que levan as rúas nas grandes poboacións»...

O que «gravísimos autores» do XVII, tocados todos do que poidéramos chamar, imitando a S. Reinach, *la mirage classique*, afirmen qu'os Campos Eliseos eran os nosos, non proba que tal fora o parecer dos antigos; non sendo esto dos Campos Eliseos, com a leenda da fundación de Tuy por Diomedes, de Pontevedra por Teucro, d'Ourense, por Amphilioco, etcétera, etc., outra cousa que un xeito que tiñan os galegos e galegíos d'entón, de ennobreceran á terra dos seus emores, da mesma maneira qu'os príncipes italianos do Renacemento, os Sforza, os Este, etc., se faguián inventar xenealogías qu'os entroncaban cos héroes de Troya e cos Heráclidas.

En troques, o feito de que, como di o P. Villorino, os que tales autores chaman Campos Eliseos, sexan precisamente os da Limia, é o que nos descobre, ó meu ver, que non hai outro fundamento pra atribución do mito á nosa Terra que a leenda do río do esquecemento, e o nome de Leteo apricado ó río da Limia, e tamén que non aparecendo claramente tal atribución en ningunha fonte clásica, elo debe ser invención dos renacentistas, que tenderon de cole a concentraren as lendas, e non souperon ver mais Leteo que o Leteo infernal. Amostra o meu parecer o que o mesmo P. Villorino non refira a atribución ós antigos, senón a gravísimos autores que do contexto tirase que son modernos. Todo elo cousa d'eruditos e sen qu'o pobo compartirá nunca o seu parecer.

V. R.

ooooooooooooooooooooooooooooooo

Dr. MOSTEIRO
MÉDICO ODONTOLOGO

Medicina e Cirugía da boca -- Electricidade -- Rayos X

A Clínica Dental mais completa de Galicia

SÁNCHEZ BREGUA, 5-1.^o

A CRUÑA

Apartado 67

Teléfono urbano 78
Id. Interurbano 42

Fernández, Torres e C.^a

FERROS -- ACEIROS -- FERRETEIRÍA
MAQUINARIA AGRICOLA

Linares Rivas, 12

A CRUÑA

LUIS FÁBREGA

Droguería e Farmacia

Progreso esquina a Luis Espada
OURENSE

MERQUE VOSTEDE

Plumeiros RAFIUM

De mais dura qu'os de pruma e limpa millor
Véndense en todolos estabreclimentos do ramo
Andrés Perille - OURENSE

Reloxería ZENITH

Máquinas parlantes, Discos, Agullas
e Accesorios

M. Calvínio
OURENSE



A mais económica de Galicia

M E R Q U E V O S T E D E

SÍNTÈSE XEOGRÁFICA DE GALICIA
por Ramón Otero Pedrayo

SANATORIO QUIRURJICO
DIRETORES

Manuel Peña Rey

Ginecología e Partos

José Mosquera Blanco

Cirugia geral
Especialista na gorxa, nariz e ouvidos

Situado frente á Alameda do Crucero, ten todolos condicíos precisas.—Practicase toda crás d'operacíos.—Dotado de todolos
adiantos que pide a actual Cirugia.—Modernas instalacíos de RAYOS X pra diagnóstico e RADIOTERAPIA superficial e fonda
con voltaxe de 200.000 voltios,—Aparello de Diatermia pra tratamiento de Auxilios, procesos inflamatorios, reumalismo, etcétera.
Lámpara de cuarzo pra sol d'altitude e ultra violeta pra tratamiento d'escrofulosis, raquitismo, alopecia, eczemas, etcétera.
Admitense embarazadas, e cóntase con material esterilizado pra fora da cibade en casos d'urgencia.—Poden colaboraren
todolos compañeiros, previo consentimento dos directores.

BODEGAS GALLEGAS PEARLES E OURENSE

Vinos finos de mesa: Tinto TRES RIOS Blanco BRILLANTE. LOS GALLEGOS blanco e tinto
Macia e Valeiras. Apartado 18 -- Ourense

Augas bicarbonatado-sódicas de
MONDARIZ



FONTES DE GÁNDARA e TRÓNCOSO
Propiedade dos FILLOS DE PEINADOR

MONDARIZ—BALNEARIO está situado a 55 kilómetros de Vigo e a 20 das
estacions de Porriño e Salvatierra de Miño
O Hotel do Estabrecimento está aberto do 1º de Mayo a 31 de Outubro

PUXOSE A VENDA

FOSZIA POB
ARMANDO
OTARRELO

SEIS reás

F. ROMAN E SACO
DROGUERIA

e FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE

A DE QUIRA

SÍNTESIS GEOGRÁFICA

DE GALICIA: POB: R.

OTERO: PEDRALYO

100 pesetas